

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A)*

Mediante a Orde do 24 de outubro de 2023 (DOG n.º 215, do 13 de novembro) convocouse o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A).

Unha vez consideradas as reclamacións e renuncias á participación, formuladas no marco da resolución provisional do 14 de febreiro do 2024, e logo de publicadas as vacantes definitivas pola Resolución do 27 de febreiro de 2024, e de conformidade co establecido na base trixésimo primeira da antedita Orde do 24 de outubro de 2023, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar e facer publico, tanto no Diario Oficial de Galicia como na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), o destino con carácter definitivo, en virtude da provisión deste concurso de traslados, ao persoal funcionario docente do corpo de mestres que figura no anexo I desta resolución, nos centros e sedes que nel se especifican.

Segundo. Adxudicar e facer publico, tanto no Diario Oficial de Galicia como na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), o destino con carácter definitivo, en virtude da provisión deste concurso de traslados, ao persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño e inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación que figura no anexo II desta resolución, nos centros e sedes que nel se especifican.

Terceiro. Declarar e facer publica, tanto no Diario Oficial de Galicia como na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), a situación de expectativa de destino do persoal funcionario do corpo de mestres que se relacionan no anexo III.

Cuarto.- Declarar e facer publica, tanto no Diario Oficial de Galicia como na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), a situación de expectativa de destino do persoal funcionario dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño e inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación que se relacionan no anexo IV.

Quinto.- Aprobar e facer publica, tanto no Diario Oficial de Galicia como na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), a relación definitiva de persoas excluídas dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación que se relacionan no anexo V, polas causas que se indican.

Sexto.- No caso de que ata o 31 de agosto deste ano resulten suprimidos postos de traballo adxudicados pola presente resolución e co obxecto de determinar cal é o profesorado afectado pola dita supresión, observarase o disposto no artigo 3 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que impartan ensinanzas distintas



das universitarias e o cómputo de antigüidade no centro en función das causas de acceso a el (DOG núm. 169, do 1 de setembro).

Tamén se poderán declarar anulados os destinos adxudicados que estean afectados pola estimación de recursos derivados desta resolución. O profesorado afectado e que participa como forzoso quedará na situación de suprimido con dereito preferente á localidade/zona en que se lle anula o posto de traballo obtido. Se participaron con carácter voluntario, adquirirán o dereito preferente á localidade e á zona na cal se lle anula o posto de traballo obtido ou en que tiña acreditado o destino definitivo, á súa elección, sempre e cando a súa resulta non fose cuberta.

Sétimo. De conformidade co establecido na base trixésimo cuarta da Orde do 24 de outubro de 2023 (DOG n.º 215, do 13 de novembro), a toma de posesión dos novos destinos adxudicados, que se realizará na xefatura territorial correspondente, terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2024, polo que o cesamento nos centros anteriores expedirase con efectividade do 31 de agosto de 2023.

Oitavo.- As persoas concursantes que obteñan praza neste concurso nalgunha das especialidades relacionadas na base décimo segunda.2 da citada orde estarán obrigadas, no prazo de dous anos contados a partir de 1 de setembro de 2024, a obter, cando menos, o certificado de lingua galega (Celga 4), agás que acrediten telo superado con anterioridade ou que posúan algunha das súas validacións ou homologacións

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), con carácter potestativo, un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente, de acordo co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

INSÍRASE NO DOG

